



**BASES PRESENTACIÓN
CANDIDATURAS: PROXECTO FIN
DE CARREIRA / MASTER**

**Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia**

CONTIDO

1	Introdución.....	3
2	Dotación do Premio.....	3
3	Ámbito da Convocatoria.....	3
4	Documentación.....	3
5	Lugar e Prazo de Presentación.....	4
6	Xurado.....	4
7	Publicación do Fallo e Entrega do Premio.....	4

1 INTRODUCCIÓN

Por undecimo ano consecutivo, o colexio outorgará os seus premios dentro da XI Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia. A través de distintas categorías, as colexiadas e colexiados recoñecerán aquelas iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da Enxeñaría en Informática.

Entre os galardóns, o CPEIG convoca o X Premio Proxecto fin de carreira/master, aberto á presentación de candidaturas, e que tenta ser un estímulo para os estudantes e recién titulados en Enxeñaría en Informática ou Master en Enxeñaría Informática nas universidades galegas.

A convocatoria farase pública no portal www.cpeig.gal, nas páxinas web das facultades e escolas que imparten a titulación e a través da prensa.

2 DOTACIÓN DO PREMIO

Os tres primieiros finalistas tamén beneficiaranse de un ano de colexiación gratuita, e serán convidados de balde á "Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia"

O mellor proxecto recibirá ademais unha gratificación de **1.000 Euros**.

O xurado poderá decláralo deserto en caso de que os proxectos presentados non reunan a calidade suficiente ou non cumpran os requisitos da convocatoria dotación do premio é de 1.000 Euros. O xurado poderá decláralo deserto en caso de que os proxectos presentados non reunan a calidade suficiente ou non cumpran os requisitos da convocatoria.

3 ÁMBITO DA CONVOCATORIA

Poden concorrer ao premio todos/as aqueles enxeñeiros/as que teñan presentado nunha universidade galega, nos anos 2017, 2018 e 2019, o proxecto de fin de carreira da Enxeñaría en Informática, traballo fin de máster Enxeñaría Informática ou calquera outra titulación que legalmente habilite ou vincule para o exercicio da profesión.

4 DOCUMENTACIÓN

Aquelas persoas que desexen optar ao premio deben aportar a seguinte documentación:

1. Ficha resumo do proxecto (según modelo).
2. Resumo do proxecto, indicando os motivos para a concesión do premio (extensión máxima dous folios).
3. Memoria completa do proxecto

5 LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os documentos deben enviarse por correo electrónico a informacion@cpeig.gal indicando no asunto **Premio Proxecto fin de Carreira - Master**.

O prazo de presentación da documentación remata o 10 de maio de 2019.

6 XURADO

O xurado do premio estará composto por: Presidente, Secretario e un mínimo de 3 vogais. Exercerán como Presidente e Secretario os cargos respectivos do CPEIG. Os vogais serán nomeados entre membros da comunidade universitaria con representación das 3 universidades galegas e a Xunta de Goberno do CPEIG.

A decisión do xurado non poderá ser recurrida.

7 PUBLICACIÓN DO FALLO E ENTREGA DO PREMIO

O fallo do xurado será publicado no portal www.cpeig.gal

A entrega do premio terá lugar no transcurso da XI Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, a celebrarse en Santiago de Compostela en xuño de 2019.